

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio do 2021 terá lugar neste municipio dende o día 17 de xuño de 2021 ata o día 16 de agosto de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 17 de xuño de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1928

#### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 21/06/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondentes o exercicio de 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra o meritado Padrón o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario, do Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondente o exercicio de 2021, terá lugar neste municipio, dende o día 23 de xuño de 2021 ata o día 23 de agosto de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas de período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 21 de xuño de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1929

#### A FONSAGRADA

##### *Anuncio*

##### **CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS PEÓNS, DOUS PEÓNS-CONDUTORES, DOUS XEFES DE BRIGADA E TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA**

Por Decreto de Alcaldía de data 25 de xuño de 2021 aprobáronse as bases para a creación de bolsas de emprego para contratación temporal de seis peóns, dous peóns condutores, dous xefes de brigada e tres condutores de motobomba, en virtude da Terceira Addenda ao Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Fonsagrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

**Tipo de contrato:** Contrato laboral temporal

**Duración:** 3 meses

**Sistema selectivo:** Concurso - oposición

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org)).

A Fonsagrada, 25 de xuño de 2021.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1936